



Concello de Cangas

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “GRANXA DA RÚA X” .

PRIMEIRA.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10º e 12º da orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG 03-02-2021) e na Circular núm. 6/2021 de data 15/06/2021 da Dirección Xeral de Formación e Colocación, a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos que serán contratados como persoal do citado proxecto, promovido polo CONCELLO DE CANGAS e subvencionado pola antedita consellería.

AS PRAZAS que se convocan son:

a) **EXPERTO/A DOCENTE EN ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES –N1 (AGAR0309) E REPOBOACIÓNS FORESTAIS E TRATAMENTOS SILVICOLAS- N2 (AGAR0208)** Xornada: completa

b) **EXPERTO/A DOCENTE EN OPERACIÓNS DE VIXILANCIA E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E APOIO A CONTINXENCIAS NO MEDIO NATURAL E RURAL -N2 (SEAD0411)**Xornada: completa

c) **DIRECCIÓN**..... Xornada: completa

d) **TITORÍA**..... Xornada: completa

SEGUNDA.- FUNCIONS DOS POSTOS DE TRABALLO.

As funcións que corresponden aos postos de traballo obxecto desta convocatoria son as seguintes:

- DIRECCIÓN:

a) Xestión e supervisión económica, formativa e de obra do proxecto segundo a normativa vixente, actuando en coordinación e segundo as indicacións que se lle dean desde o Concello.

b) Coordinación xeral do obradoiro de emprego e control dos medios humanos e materiais ao seu cargo

c) Planificación e seguimento do proxecto

d) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado.

e) Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando xunto co resto do persoal docente do control directo e do cumprimento de tales normas.





Concello de Cangas

- f) Controlar a asistencia e puntualidade do todo o persoal do obradoiro e o cumprimento das súas obrigas.
- g) A xestión administrativa do Obradoiro de Emprego na súa relación coa Consellería e coa Entidade Promotora.
- h) Arquivo e custodia da documentación xerada polo funcionamento do obradoiro de emprego.
- i) Promoción da inserción laboral dos beneficiarios do proxecto.
- j) Se fose necesario ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias nas que poda homologarse, segundo as necesidades e para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.
- k) A realización daquelas outras tarefas que se lle encarguen desde o Concello e que sexan propias da súa competencia

- TITORÍA:

- a) Coordinar a acción formativa do equipo de profesionais que traballan no proxecto.
- b) Realizar e supervisar, en coordinación cos docentes, as planificacións didácticas e as avaliacións.
- c) Determinar, en coordinación cos docentes, os medios e materiais didácticos a empregar.
- d) Supervisar a labor educativa do persoal docente e a formación do alumnado.
- e) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo.
- f) Co apoio da Dirección, controlar a asistencia e puntualidade do alumnado e persoal do obradoiro e o cumprimento das súas obrigas.
- g) Favorecer a consecución de actitudes e hábitos sociais no grupo de alumnos como colectivo.
- h) Facilitar de maneira individualizada información e orientación para a propia acción profesionalizadora.
- i) A xestión administrativa da documentación de formación na súa relación coa Consellería.
- j) Se fose necesario ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias nas que poda homologarse, segundo as necesidades e para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto
- k) A realización daquelas outras tarefas que se lle encarguen desde a Dirección ou desde o Concello e que sexan propias da súa competencia

- EXPERTOS/AS DOCENTES:

- a) Programar os contidos do plan formativo da especialidade, segundo o estipulado nos respectivos certificados de profesionalidade.
- b) Impartir os contidos teóricos e prácticos previstos nos respectivos certificados de profesionalidade, aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- c) Avaliar a aprendizaxe do alumnado.
- d) Levar o control e coordinación do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
- e) Responsabilizaranse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.





Concello de Cangas

f) Poderán ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias nas que se podan homologar, segundo as necesidades e para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

TERCEIRA.- CONTRATACIÓN DO PERSOAL

A entidade promotora formalizará por escrito, no modelo oficial correspondente á modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, os contratos do persoal do proxecto que fose seleccionado e que figure como tal na correspondente proposta de contratación do tribunal de selección.

CUARTA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

As persoas preseleccionadas pola Oficina de Emprego de Cangas que desexen participar no presente proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

REQUISITOS MÍNIMOS:

1. Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o desempeño das funcións que corresponden á praza convocada.
2. **Os requisitos mínimos previstos nos BAREMOS ANEXOS a estas bases.**

A posesión destes requisitos mínimos condicionará a admisión dos candidatos/as ao proceso selectivo. Os/as aspirantes deberán acreditar os requisitos (xerais e mínimos) con data límite do 04/10/2021.

Así mesmo, deberán estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique. Se por causas debidamente xustificadas non puidese incorporarse no momento de ser chamado, quedaría na listaxe de reserva na orde que determine a súa puntuación. Se non acredita suficientemente a súa imposibilidade de incorporarse, se lle eliminaría da lista de reserva.

Pasarán ás fases de entrevista persoal e á de valoración de méritos unicamente os aspirantes que reúnan os requisitos para cada posto.

No caso de que non se acade un número mínimo de tres candidatos por posto, o Tribunal de selección poderá, de maneira extraordinaria e con validez unicamente para o posto do proceso de que se trate, modificar os requisitos mínimos exixidos co fin de acadar candidatos suficientes.





Concello de Cangas

QUINTA.- SISTEMA DE ADMISIÓN DE CANDIDATOS: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.

1. O sistema de admisión de candidatos/as será o de **oferta de emprego tramitada na Oficina de Emprego de Cangas**.
2. O número de candidatos/as a remitir será de **cinco por posto**, que deberán cumprir e acreditar os requisitos establecidos na base cuarta destas bases. No caso de non existir candidatos/as co perfil requirido no ámbito da Oficina de Emprego, esta poderá ampliar a sondaxe a un ámbito máis extenso, tendo que remitir en todo caso un mínimo de tres candidatos por posto.
3. A oficina de emprego e/ou a entidade promotora convocará os candidatos/as que resulten da dita sondaxe e comunicarlles a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

Establécese un tribunal cualificador para a selección dos aspirantes segundo o previsto nas presentes Bases e na normativa que resulte de aplicación. Este tribunal xulgará as probas, supervisando e garantindo o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade máis un dos seus membros titulares (ou no seu caso dos seus suplentes), debendo estar presentes ao menos as persoas designadas como presidente/a, secretario/a e un vogal.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á Alcaldía cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público.

A composición efectiva do tribunal publicarase formando parte da resolución pola que se aprobará a listaxe de admitidos e excluídos.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores/as externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O Tribunal constituírse con antelación ao inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases, a convocatoria do seu presidente. De producirse algunha baixa na Composición do Tribunal esta poderá ser cuberta cos suplentes designados ou optarse por ser completado mediante unha nova designación a través dunha resolución da Alcaldía.





Concello de Cangas

SÉTIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección constará dunha primeira fase de entrevista persoal, cos candidatos/as que cumpran os requisitos establecidos na base cuarta destas bases e estean acreditados, e dunha derradeira de valoración de méritos en base aos baremos.

OITAVA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os candidatos/as preseleccionados pola Oficina de Emprego para participar no proceso selectivo, **deberán presentar a súa solicitude no Concello** segundo o modelo que acompaña a estas bases (**Solicitude**) **xunto coa documentación** que acredite o cumprimento dos requisitos mínimos e a documentación que desexen achegar para a valoración de méritos, de acordo co baremo.

1.-ACREDITACIÓN DE REQUISITOS E MÉRITOS:

a) A **EXPERIENCIA PROFESIONAL** acreditarase:

- Traballo por conta allea: acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional; ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectan claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral.

- Traballadores Autónomos: mediante certificación oficial de vida laboral actualizada, xustificante de alta de actividade económica (IAE) e facturas ou contratos en que consten os servizos prestados.

O cómputo da experiencia realizarase de acordo cos datos reflectidos no Certificado de Vida Laboral, tendo en conta no caso de contratos a tempo parcial non o período temporal de duración total senón o número de días que reflecte a vida laboral en proporción á xornada diaria de traballo, é dicir, se se require un ano de experiencia para un posto, este haberá de ser a xornada completa ou no caso de ser a tempo parcial deberá acumular un total de 365 días en vida laboral.

b) A **FORMACIÓN** acreditarase mediante diplomas, títulos ou certificados da entidade que imparte a formación, debendo ser actividades de formación organizadas por administracións públicas ou entidades privadas debidamente homologadas, facendo referencia inescusablemente ao número de horas.

As titulacións académicas xustificaranse cos correspondentes títulos ou resgardos da solicitude dos mesmos.





Concello de Cangas

2. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Concello de Cangas valorará as solicitudes recibidas xunto cos méritos alegados polos aspirantes, comprobando que os candidatos cumpren os requisitos establecidos, e elaborará a lista provisional dos admitidos/as e excluídos/as, que incluírá o tribunal que se encargará da selección, e que se publicará no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Cangas e no taboleiro da Oficina de Emprego de Cangas.

De non haber candidatos/as excluídos, a lista provisional elevarase automaticamente a definitiva e incluírase nela tamén a convocatoria para a fase seguinte de entrevista persoal, publicándose igualmente no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Cangas e no taboleiro da Oficina de Emprego de Cangas.

NOVENA.- FASE DE ENTREVISTA PERSOAL.

1. Para a entrevista persoal convocarase aos aspirantes que resultaran admitidos co fin de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar os postos de traballo para os que foran preseleccionados pola Oficina de Emprego.

No caso de que non se acade un número mínimo de tres candidatos/as por posto para a fase de entrevista, o Concello de Cangas poderá solicitar unha ampliación da sondaxe de maneira extraordinaria e con validez unicamente para o posto do proceso de que se trate, co fin de acadar candidatos/as suficientes para realizar o proceso de selección.

A entrevista persoal versará sobre coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas necesarias para o desempeño do posto de traballo, así como sobre coñecementos relacionados co Programa de Obradoiros de Emprego, cos Programas de Emprego e Formación Ocupacional.

2. Esta fase non será eliminatória e corresponderalle unha puntuación equivalente ao 35% da puntuación total máxima do proceso selectivo.

3. As entrevista persoais para a selección do persoal directivo e docente realizaranse nas dependencias municipais e no día e hora que se indique na lista de admitidos e excluídos, debendo acudir os aspirantes provistos do seu DNI ou documento substitutivo.

4. A puntuación da fase de entrevista publicarase no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Cangas e no taboleiro da Oficina de Emprego de Cangas

DÉCIMA.- BAREMOS

Xúntanse os baremos para a selección do persoal.

DÉCIMO PRIMEIRA.- FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.





Concello de Cangas

1.-Finalizada a fase de entrevista persoal, o tribunal de selección valorará, de acordo cos respectivos baremos, os méritos alegados polos candidatos/as presentados a entrevista.

A puntuación máxima desta fase será de 10 puntos e se ponderará de xeito represente unha puntuación equivalente ao 65% da puntuación total máxima do proceso selectivo.

A lista coas puntuacións da entrevista e da valoración de méritos, así como as puntuacións finais (suma dos puntos acadados en cada fase) que determinarán a orde de prelación dos aspirantes para a súa ulterior contratación pola entidade promotora, publicarase no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Cangas e no taboleiro da Oficina de Emprego de Cangas

Os posibles empates nas puntuación dirimíranse mediante a aplicación dos criterios establecidos na base décimo terceira.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUNTUACIÓN FINAL. CONTRATACIÓN.

1. O Concello de Cangas realizará a contratación de acordo coa orde na que na súa respectiva listaxe quedaran os aspirantes segundo a puntuación total acadada (un titular por posto), segundo se reflicta na proposta de contratación do tribunal de selección. Os candidatos/as que queden como suplentes pasarán a integrar a lista de reserva a que fai referencia a base decimo cuarta

Unha vez publicadas as puntuacións totais do proceso de selección, os candidatos/as con maior puntuación en cada praza deberán canto antes, cun prazo máximo dun día contado a partir do día seguinte a publicación do resultado do proceso selectivo, comunicar por escrito á entidade promotora a súa aceptación e dispoñibilidade para incorporarse ou renuncia á praza. Se transcorrido devandito prazo non se confirma a praza, segundo o anterior, considerarase que se renuncia á mesma, que pasará a adjudicarse ao seguinte candidato con maior puntuación, tendo igualmente a obrigaçión de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza.

DÉCIMO TERCEIRA.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous ou máis candidatos en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, rexerán os seguintes criterios:

- 1.º A persoa que se atope en situación de desemprego.
- 2.º A puntuación correspondente ás titulacións preferentes.
- 3.º A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- 4.º A puntuación obtida no apartado de experiencia docente.
- 5.º A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- 6.º A puntuación obtida no apartado de coñecementos do idioma galego.

DÉCIMO CUARTA.- LISTA DE RESERVA.





Concello de Cangas

Rematado o proceso selectivo, o tribunal de selección elaborará unha lista de reserva, integrada polos candidatos/as que, tendo superadas todas as fases da selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria.

Esta lista de reserva empregarase para cubrir as renuncias ou vacantes que no seu caso se produzan entre os candidatos/as seleccionados como titulares

De non haber candidatos suplentes dispoñibles, iniciarase un novo procedemento selectivo.

DÉCIMO QUINTA.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.

1. De conformidade co previsto polo artigo 14º orde do 31 de decembro de 2020 (DOG 03-02-2021) da Consellería de Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

2. A entidade promotora resolverá as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.





Concello de Cangas

ANEXOS

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA Á PRAZA

Apelidos _____	Nome _____	
DNI _____	Teléfono de contacto _____	Correo _____

Tendo sido candidato/a no proceso selectivo de persoal directivo e docente do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO GRANXA DA RÚA X” , na que fun seleccionado/a seleccionada para ocupar a praza de:

.....

ACEPTO A PRAZA

RENUNCIO Á PRAZA

_____ , _____ de _____ de 2021

Sinatura



Cod. Validación: 3E5ACKNT5HY9TKVFK552Y6SC3 | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 16



Concello de Cangas

SOLICITUDE-DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO GRANXA DA RÚA X (2021- 2022)

DATOS IDENTIFICATIVOS:

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
DNI	DATA NACEMENTO	TELEFONO
MAIL		
RUA	Nº CP	LOCALIDADE

SOLICITA:

Ser admitido/a no proceso selectivo para o posto de

FORMACIÓN ACADÉMICA OU REGRADA

TITULO E ESPECIALIDADE	DATA DO TITULO	

COMPETENCIA DOCENTE-FORMACIÓN PEDAGÓXICA

TITULO	DATA	
CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE DE FORMADOR OCUPACIONAL		
CAP ou equivalente		
MASTER EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN		

1. CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN.

CURSOS DE 30 A 299 HORAS (No caso do posto de apoio Administrativo mínimo 20 horas)

NOME	CENTRO	HORAS	DATA (orde cronolóxica)	

CURSOS DE 300 HORAS OU MÁIS.

NOME	CENTRO	HORAS	DATA (orde cronolóxica)	



Cod. Validación: 3E5ACKN15HY9TKVFK552Y6SC3 | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 16



Concello de Cangas

CURSOS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

NOME	CENTRO	HORAS	DATA	
Só se valorará o grao superior alegado				

CURSOS DE INFORMÁTICA – NIVEL USUARIO.

NOME	CENTRO	HORAS	DATA	

2. EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA CO POSTO:

2.1 EXPERIENCIA LABORAL EN ESCOLAS OBRADOIRO/OBRADOIROS DE EMPREGO:

ENTIDADE/OBRADOIRO	ESPECIALIDADE / POSTO	DATAS	

2.2 EXPERIENCIA PROFESIONAL (Entidade pública ou privada)

EMPRESA	POSTO E CATEGORÍA	DATAS	XORNADA	

2.3 EXPERIENCIA DOCENTE (FORMACIÓN OCUPACIONAL OU REGRADA)

EMPRESA	ESPECIALIDADE	DATAS	XORNADA	





Concello de Cangas

3. CURSOS DE GALEGO

DIPLOMA	CENTO	DATA	
Celga 3 ou equivalente			
Celga 4 ou equivalente			
Celga 5 ou equivalente			
Curso Superior Linguaxe Administrativo			
Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística			

4 .DESEMPREGO

SITUACIÓN DE DESEMPREGO (Non melloras de emprego)	
	SI
	NON

INFORMACIÓN IMPORTANTE A TER EN CONTA:

- Indicar e enviar a documentación só do que sexa susceptible de ser baremado.
- Non escribir nos espazos sombreados.
- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
- Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia, podendo neste ultimo caso solicitarse posteriormente os orixinais
- Os cursos que non especifiquen **o contido e número de horas** non se contabilizarán.
- Os cursos con **contidos similares**, só se valorará o que sexalle máis favorable.
- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
- No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.
- A experiencia profesional acreditarase coa vida laboral actualizada máis a copia dos contratos e/ou nóminas onde figure a categoría. Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados.
- A categoría a ter en conta será, exclusivamente , a que figure no contrato ou na nómina.

Declaro baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que figuran nesta solicitude.

_____, de _____ de 2021 _____

Sinatura:





Concello de Cangas

**BAREMO SELECCIÓN POSTO DIRECCIÓN DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO
GRANXA DA RÚA X**

REQUISITOS MÍNIMOS:

-TITULACIÓN UNIVERSITARIA.

-EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA CO POSTO DE **24 MESES, NOS ÚLTIMOS 10 ANOS: En dirección o xestión de empresa, equipos humanos e proxectos (excluíndo direccións técnicas e facultativas) e/ou Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local (agás funcións de orientación e docencia).**

*Os requisitos mínimos de entrada non serán obxecto de valoración posterior

**Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.*

1.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Relacionada co posto, últimos 10 últimos anos ..PUNTUACIÓN MÁXIMA 2,00

- 1.1 Cursos de 30 horas a 299 horas.....máximo 0,80
 - Cursos de 30 a 99 horas..... 0,10
 - Cursos de 100 a 299 horas..... 0,20
- 1.2 Cursos de 300 horas ou máis.....máximo 1,80
 - Cursos de 300 a 599 horas.....0,40
 - Cursos a partir de 600 horas.....0,60
- 1.3 Cursos en Prevención de Riscos Laborais . Só se valorará o grao superior alegado.....máximo 0,60
 - Básico xeral0,10; Medio0,40; Superior.....0,60
- 1.4 Cursos de Informática: coñecementos nivel de usuario.....máximo 0,40
 - Cursos de 30 a 49 horas.....0,10; Cursos de 50 a 99horas.....0,20; Cursos a partir de100 horas...0,40

2.- EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacionada co posto (últimos 10 anos) ..PUNTUACIÓN MÁXIMA 7,65

Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional(*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados (**)

- 2.1.1. Experiencia en Dirección de E.O/ C.O/ O.E Por cada mes.....0,10.....máximo 5,00
- 2.1.2. Experiencia en Dirección en entidade pública ou privada. Por cada mes.....0,07.....máximo 5,00
- 2.1.3. Experiencia como Técnico de Emprego e desenvolvemento local. Por cada mes.....0,05.....máximo 4,00

3.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO:.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,25

- 3.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,05
 - 3.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,10
 - 3.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente 0,25
 - 3.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo.....0.25
- *Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística

4.- DESEMPREGO. Non melloras de emprego.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10

NOTAS IMPORTANTES PARA O BAREMO

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
- Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia, podendo neste ultimo caso solicitarse posteriormente os orixinais
- Os cursos que non especifiquen o contido e número de horas non se contabilizarán.
- Os cursos con contidos similares, só se valorará o que sexalle máis favorable.
- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
- A experiencia profesional acreditarase coa vida laboral actualizada máis a copia dos contratos e/ou nóminas onde figure a categoría. Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados.
- No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.

(*) A categoría a ter en conta será, exclusivamente, a que figure no contrato ou na nómina.

(**) Terá que quedar debidamente acreditada a dirección dun equipo humano, de características similares a estes proxectos.



Cod. Validación: 3E5ACKN75HY9TKWFK552Y6SC3 | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 16



Concello de Cangas

BAREMO SELECCIÓN POSTO DE TITORÍA DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO GRANXA DA RÚA X

REQUISITOS MÍNIMOS :

- TITULACIÓN UNIVERSITARIA.
- EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA CO POSTO DE 24 MESES SEGUNDO BAREMO NOS ÚLTIMOS 10 ANOS.
- *COMPETENCIA DOCENTE* (Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego-RD 34/2008, OU 6 meses de EXPERIENCIA EN TITORÍA en Obradoiro de Emprego.

*Os requisitos mínimos de entrada non serán obxecto de valoración posterior

**Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.*

- 1.- TITULACIÓNPUNTUACIÓN MÁXIMA 0,75**
- 1.1 Lcdo/a. en Pedagogía ou Psicopedagogía ou Grao equivalente 0,75
- 1.2 Lcdo/a. en Psicoloxía ou Grao equivalente0,50
- 2.-FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Relacionada co posto, só nos 10 últimos anos ..PUNTUACIÓN MÁXIMA 1,50**
- 2.1 Cursos relacionados co posto.....máximo 1,00
- Cursos de 30 a 99 horas.....0,10.
- Cursos de 100 a 299 horas.....0,20
- Cursos de 300 a 599 horas.....0,40
- Cursos a partir de 600 horas.....0,60
- 2.2 Cursos en Prevención de Riscos Laborais . Só se valorará o grao superior alegado.....máximo 0,60
- Básico xeral0,10; Medio0,40; Superior.....0,60
- 2.3 Cursos de Informática: coñecementos nivel de usuario.....máximo 0,40
- Cursos de 30 a 49 horas.....0,10; Cursos de 50 a 99horas.....0,20; Cursos a partir de100 horas...0,40
- 3.- FORMACIÓN PEDAGÓXICA PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,50**
- 3.1 Certificate de profesionalidade de Formador Ocupacional.....máximo 0,40
- 3.2 CAP ou equivalente.....máximo 0,25
- 3.3 Máster en Profesorado de Educación.....máximo 0,50
- 4.- EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacionada co posto (últimos 10 anos). PUNTUACIÓN MÁXIMA 6,90**
- Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional(*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados (**).
- 4.1. Experiencia en funcións de titoría nas E.O / C.O. /O.E. Por cada mes, 0,10.....máximo 5,00
- 4.2. Experiencia con adultos en área de formación e/ou emprego. Sempre relacionada co posto.
- Por cada mes, 0,07.....máximo 5,00
- 5.- COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO..... PUNTUACIÓN MÁXIMO 0,25**
- 5.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,05
- 5.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,10
- 5.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente 0,25
- 5.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo.....0,25
- *Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística
- 6.- DESEMPREGO. Non melloras de emprego..... PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10**

NOTAS IMPORTANTES PARA A BAREMACIÓN

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
 - Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia, podendo neste ultimo caso solicitarse posteriormente os orixinais
 - Os cursos que non especifiquen o *contido e número de horas* non se contabilizarán.
 - Os cursos con contidos similares, só se valorará o que sexalle máis favorable.
 - A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
 - A experiencia profesional acreditarase coa vida laboral actualizada máis a copia dos contratos e/ou nóminas onde figure a categoría. Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados.
 - No caso de experiencia laboral, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.
 - Non se terá en conta aquela experiencia docente non relacionada co posto.
- (*) A categoría a ter en conta será, exclusivamente, a que figure no contrato ou na nómina.





Concello de Cangas

REQUISITOS MÍNIMOS DOS DOUS EXPERTOS/AS -DOCENTES PARA O OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO: “GRANXA DA RÚA X” CANGAS

1) REQUISITOS MÍNIMOS DE CARÁCTER XERAL:

- **TITULACIÓN REQUIRIDA E EXPERIENCIA PROFESIONAL NA ESPECIALIDADE NO ÁMBITO EMPRESARIAL OU DE OBRADOIROS DE EMPREGO/ESCOLAS OBRADOIRO, MÍNIMO OFICIAL 1ª.**
- **COMPETENCIA DOCENTE (Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego-RD 34/2008, do 18 de xaneiro e RD 189/2013, do 15 de marzo)**
 - * *Estarán exentos/as do certificado de profesionalidade para acreditar a competencia docente as persoas aspirantes que posúan:*
 - a) *Título de Licenciado/a en Pedagogía, Psicopedagogía ou de Mestre en todas as súas especialidades, ou título de Grao no ámbito da Psicoloxía ou da Pedagogía ou postgrao nos citados ámbitos.*
 - b) *Título de Especialización didáctica expedido polo Ministerio de Educación e Ciencia ou equivalente.*
 - c) *Experiencia docente acreditada de polo menos 600 horas nos últimos sete anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.*

2) TITULACIÓNS E EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUÍRIDAS AOS EXPERTOS/AS-DOCENTES EN CADA UNHA DAS DÚAS ESPECIALIDADES :

EXPERTO/A EN (deberá impartir 2 certificados de profesionalidade):

- **ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES –N1 (AGAR0309) E**
- **REPOBOACIÓNS FORESTAIS E TRATAMENTOS SILVICOLAS- N2 (AGAR0208)**

Requírese 1 ano de experiencia profesional con titulación ou 3 anos sen titulación. Carné de Manipulador de produtos fitosanitarios.

Titulación requirida

- Titulación universitaria
- Técnico e Técnico Superior da familia profesional Agraria.
- Certificados de profesionalidade de nivel 3 da área profesional de Forestal da familia profesional Agraria

EXPERTO/A EN:

- **OPERACIÓNS DE VIXILANCIA E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E APOIO A CONTINXENCIAS NO MEDIO NATURAL E RURAL -N2 (SEAD0411).**

OBSERVACIÓN: A impartición do módulo MF0272_2: Primeiros auxilios (40 horas) deberá complementarse cun docente coa titulación de Licenciado/a en Medicina e Cirurxía ou Diplomado/a en Enfermería ou titulación de Grao equivalentes, e 1 ano de experiencia profesional

Requírese 1 ano de experiencia profesional e a titulación requirida.

Titulación requirida

- Titulación universitaria
- Técnico Superior da familia profesional de Seguridade e Medio Ambiente
- Certificado de Profesionalidade de nivel 3 da área de Seguridade e prevención da familia profesional de Seguridade e Medio Ambiente





BAREMO SELECCIÓN EXPERTOS/AS- DOCENTES PARA O OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO GRANXA DA RÚA X

REQUISITOS MÍNIMOS (Ver anexo perfil docentes)

-*TITULACIÓN REQUIRIDA E/ EXPERIENCIA PROFESIONAL NA ESPECIALIDADE*, no ámbito empresarial ou de obradoiros de emprego/escolas obradoiro, mínimo oficial 1ª .

-*COMPETENCIA DOCENTE (Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego-RD 34/2008, do 18 de xaneiro e RD 189/2013, do 15 de marzo)*

*Os requisitos mínimos de entrada non serán obxecto de valoración posterior

**Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.*

1.- TITULACIÓN ACADÉMICA (Regrada) PUNTUACIÓN MÁXIMA 1,50

1.1 Titulación universitaria directamente relacionada cos contidos a impartir 1,50

1.2 Titulación de Formación Profesional da familia requirida nos respectivos certificados a impartir 0,50

1.3 Titulación universitaria non directamente relacionada cos contidos a impartir 0,50

1.4 Certificado de Profesionalidade de nivel 3 da familia e área requirida nos respectivos certificados ... 0,00

2.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Relacionada co posto, só nos 10 últimos anos.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 1,50

2.1- Cursos relacionados co posto.....máximo 1,50

Cursos de 30 a 99 horas.....0,10

Cursos de 100 a 299 horas.....0,20

Cursos de 300 s 599 horas0,40

Cursos a partir de 600 horas.....0,60

2.2 Cursos en Prevención de Riscos Laborais . Só se valorará o grao superior alegadomáximo 0,60

Básico xeral0,10; Medio0,40; Superior.....0,60

2.3 Cursos de Informática: coñecementos nivel de usuario..... máximo 0,40

Cursos de 30 a 49 horas.....0,10; Cursos de 50 a 99horas.....0,20; Cursos a partir de100 horas...0,40

3.- EXPERIENCIA LABORAL NA ESPECIALIDADE(Mínimo oficial 1ª) PUNTUACIÓN MÁXIMA 6,65

Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional (*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados.

3.1. Experiencia en E.O/OE ou C.O. na especialidade. Por cada mes, 0,10.....máximo 5,00

3.2. Experiencia Docente en Formación Profesional Ocupacional ou Regrada con maiores de 16 anos.

Por cada mes, 0,07.....máximo 3,50

3.3. Experiencia Profesional . Por cada mes, 0,07.....máximo 5,00

4.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGOPUNTUACIÓN MÁXIMA 0,25

4.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,05

4.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,10

4.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente 0,25

4.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo.....0,25

**Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística*

5.- DESEMPREGO. Non melloras de emprego.PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10

NOTAS IMPORTANTES PARA O BAREMO

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.

- Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia, podendo neste ultimo caso solicitarse posteriormente os orixinais

- Os cursos que non especifiquen o contido e número de horas non se contabilizarán.

- Os cursos con contidos similares, só se valorará o que sexalle máis favorable.

- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.

- A experiencia profesional acreditarase coa vida laboral actualizada máis a copia dos contratos e/ou nóminas onde figure a categoría. Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados.

- A experiencia profesional acreditarase coa vida laboral actualizada máis a copia dos contratos e/ou nóminas onde figure a categoría. Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados.

- No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contarán como un único día de traballo.

- A categoría a ter en conta será, exclusivamente, a que figure no contrato ou na nómina

